

Convergências Portugal Galiza premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona

O galardón dáse a coñecer o 25 de abril, data referencial da Lusofonía

Permanece aberto o prazo para a escolla do mellor poema galego e portugués na web da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018.- O xurado do certame aRi[t]mar da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela acordou conceder o Premio aRi[t]mar especial do xurado "Embaixada da Amizade galego-lusófona" á iniciativa miñota Convergências Portugal Galiza.

A resolución do xurado, dada a coñecer no simbólico 25 de abril portugués, pretende pór en destaque, dentro do proxecto aRi[t]mar galiza e portugal, aquela persoa, grupo de persoas, institución ou iniciativa que teñan contribuído á divulgación da música e da poesía galego-portuguesa actuais, para achegar a cultura e a lingua dos dous países ao abeiro da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e os vínculos coa lusofonía, e teña tendido pontes de amizade entre os dous pobos irmáns.

<https://www.facebook.com/aritmargalizaeportugal/posts/1279990205468302>

As **Converxencias Portugal-Galiza** son unha semana de encontro cultural, musical e literario entre as dúas beiras do Miño que reúnen en Braga, Padrón e Santiago de Compostela artistas interesados en ampliar os horizontes de diálogo entre Galiza e Portugal, celebrando o único que nos une con concertos, teatro, conferencias, presentacións e declamación de poemas.

Esta iniciativa nace co obxectivo de homenaxear dúas figuras importantes das letras e da música galaico-portuguesa: Rosalía de Castro e José Afonso, unidos pola proximidade das datas de nacemento e morte de ambos (24 e 23 de febreiro respectivamente). Os seus textos convértense en protagonistas cada penúltima semana de febreiro.

As orixes das Converxencias xorden en vellas conversas na Casa de Rosalía de patrón entre a cantante galega Uxía e Jaime Torres, membro do grupo

musical Canto d'Aquí, que xa tiña impulsado previamente outras iniciativas en prol da Irmandade luso-galaica, como o Festival Castro Galaico de Nogueiró (Braga).

O grupo musical Canto d'Aquí ten feito un traballo moi importante na recuperación da música tradicional portuguesa e ese traballo é obvio que debía continuar co fortalecemento das relacións co outro lado do Miño. É algo que moitos bracarenses sempre viron, pero só nos últimos anos un grupo deles formado pola banda Canto d'Aqui converteu o vello anxeio en realidade.

As Convergencias realízanse grazas á implicación de diversas institucións, como a Xunta de Galicia, os municipios de Braga e Santiago de Compostela, o Consello Cultural da Universidade do Minho (Braga), o Instituto de Letras e Ciencias Humanas da Universidade do Minho, o Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho, a Unión de Freguesías de Nogueiró e Tenões, a Biblioteca Lucio Craveiro da Silva, a Asociación José Afonso, a Antena 1 e os conservatorios Calouste Gulbenkian de Braga e Bomfim. É dicir, contan co respaldo dunha ampla rede de apoios moi importantes tanto a Norte quere a sur do Miño e tamén por iso poderán vir a reforzar lazos xa establecidos.

Na gala aRi[t]mar galiza e portugal desta edición estarán convidados a participar Salvador e Luísa Sobral, seleccionados como autores da mellor música portuguesa do ano (Amar pelos Dois) e A Banda da Loba, mellor banda musical galega por Bailando as rúas. Ademais, permanece aberto o prazo para as votacións do certame de poesía. As persoas que queiran participar poden emitir o seu voto, até o 20 de maio, por tres poemas da Galiza e tres de Portugal na web <http://www.edu.xunta.gal/centros/eoidesantiago/node/655>

As poesías finalistas desta edición son as **galegas**: Arróstrasme ítacas (Eli Ríos), Cinco adolescentes sentadas (Fran Alonso), Blues do rei Bergman = B.B. King (Lois Pérez), Afixéche a encollerte (Lupe Gómez), Tira a roupa (Marta Dacosta), Herdanza (Olalla Cociña), Se vas morrer na guerra leva un libro (Pura Tejelo), Esquecer ter cousas (Sther F. Carrodegas), Agoiro (Xulio L. Valcárcel) e Palabras na beira (Xurxo Alonso); e as **portuguesas**: Com o ritmo da chuva (Alexandre Brea Rodríguez), Poderei ser uma daquelas pessoas que lêem sinais (Rosa Oliveira), Sou mulher de vestígios fáceis e dignos (Claudia R. Sampaio), Contrato social (Madalena de Castro), Música antológica and todos contentes (José Miguel Silva), Estamos parados de olhos postos (Rui Almeida), Somos daqueles que limpam os ouvidos (Golgona Anghel), Aprendizagens (Ana Luísa Amaral),

Memórias da casa da China e de outras visitas, à maneira de Yuan Mei (Manuel Afonso Costa) e Revel (Nuno F. Silva).

[aRi\[t\]mar](#) é um proxecto didáctico e cultural da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente à Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza, e que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

Coa organización da Equipa de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación popular online as mellores cancións e poesías editadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso en 2017. A finais de outubro os gañadores participarán nunha Gala de entrega de premios en Santiago de Compostela.

Saúdos cordiais.

Telemóbil de contacto: 606383584

aRi[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal.

Promove

Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Patrocinan / Patrocinam

Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña e Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro cultural Português de Vigo.

Colaboran / Colaboram

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Letras e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, Rede de centros de

estudos galegos nas universidades do exterior e centros de ensino secundario galego no exterior en que se imparte galego.